

**Dá por concluídas no 2015 as operacións de saneamento cunhas dotacións de 242 millóns de euros**

**EROSKI REDUCE AS PERDAS A UNHA CUARTA PARTE E ESPERA ENTRAR EN BENEFICIOS ESTE EJERCICIO**

- **O resultado operativo da súa actividade de distribución mellora un 15% e alcanza os 107,4 millóns de euros**
- **Condicionado aínda polas dotacións extraordinarias en activos materiais, inmateriais e inmobiliarios, o resultado negativo do exercicio límitase a 61 millóns de euros**
- **A facturación mantense nos 6.058 millóns de euros, impulsada polas remodelacións das tendas, o éxito do programa EROSKI Club e a expansión das tendas franquizadas**
- **Durante o 2015, EROSKI amortizou débeda por valor de 86 millóns de euros.**

**Elorrio, 25 de maio do 2016.-** O Grupo [EROSKI](#) pechou as súas contas, a 31 de xaneiro do 2016, cunha mellora do 78% que limita o seu resultado a 61 millóns de euros negativos, menos dunha cuarta parte do resultado negativo do pasado ano. 2015 é un exercicio no que EROSKI dá por concluídas as súas operacións de saneamento logo de realizar dotacións por deterioracións extraordinarias en activos materiais, inmateriais e inmobiliarios por valor de 242 millóns de euros que sitúan a compañía na senda dos beneficios para os vindeiros anos.

O resultado operativo da súa actividade de distribución no perímetro de futuro do Grupo mellora un 15% e alcanza os 107,4 millóns de euros, mellorando a súa ratio sobre vendas en 0,28 puntos ata o 2,03%, o que ratifica o éxito do modelo comercial "contigo" impulsado pola compañía e a mellora de eficiencia na súa cadea de valor.

A facturación mantense nos 6.058 millóns de euros, nun exercicio de crecemento inapreciable no mercado de alimentación e de forte deflación na venda de combustible. A estabilidade das vendas débese ao impacto positivo das remodelacións de tendas que aumentan as súas vendas un 7% de media, á excelente acollida por parte dos consumidores do programa EROSKI Club e á forte expansión da rede de tendas franquizadas.

A aposta global do Grupo polo desenvolvemento de programas de vinculación co cliente elevou a transferencia de aforro ao consumidor ata os 212 millóns de euros

---

**EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

**EROSKI - OFICINA DE PRENSA**

**CONSEJEROS DEL NORTE**

ZIORTZA BERISTAIN  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

a través de ofertas e promocións, cada vez máis personalizadas a través das tarxetas EROSKI, CAPRABO, IF e FORUM SPORT.

A xeración de ebitda foi de 240 millóns de euros, un 2% superior ao exercicio anterior, mostra da solidez da actividade comercial do Grupo EROSKI. Durante o exercicio, EROSKI amortizou débeda financeira por 86 millóns de euros.

<b>Liñas extractadas da CONTA DE RESULTADOS CONSOLIDADA GRUPO EROSKI</b>		
<b>En millóns de euros</b>		
	<b>31/01/2016</b>	<b>ev</b>
VENDAS NETAS (sen IVE)	5.279,3	- 0,99%
BENEFICIO OPERATIVO *	107,4	+ 15%
DOTACIÓNS POR DETERIORACIÓN DE ACTIVOS	-242,0	+ 28%
RESULTADO DE ACTIVIDADES CONTINUADAS	-12,7	- 94%
RESULTADO DE ACTIVIDADES INTERROMPIDAS	-48,6	- 19%
<b>RESULTADO DO EXERCICIO</b>	<b>-61,3</b>	<b>- 78%</b>

\* Antes de deterioracións de Fondos de Comercio e Activos Non Correntes e do resultado de vendas de Inmobilizado.

Pola súa banda, a sociedade EROSKI S.Coop. presentou unha mellora do resultado da súa actividade ordinaria do 1,6% ata alcanzar os 86,9 millóns de euros. Froito das fortes dotacións nos investimentos financeiros no Grupo, a cooperativa contabilizou un resultado negativo de 158 millóns de euros, un 27% mellor ca o ano anterior. A cooperativa conclúe o 2015 cun patrimonio neto de 756 millóns de euros.

**NOTAS ACLARATORIAS:**

- *Ao longo do 2015 procedeuse progresivamente á execución do acordo de venda dun lote de supermercados na zona centro-sur. A súa actividade desenvolvida durante o ano foi illada do dato consolidado.*
- *As contas anuais do 2015 presentáronse tendo en consideración a sinatura a comezos do 2016 dun acordo de venda dun lote de supermercados. Aínda que esta operación está aínda suxeita ao ditame da Comisión Nacional de Mercados e Competencia (CNMC), no balance recolléronse como activos dispoñibles para a venda.*

---

**EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

**EROSKI - OFICINA DE PRENSA**

**CONSEJEROS DEL NORTE**

ZIORTZA BERISTAIN  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)